



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión ordinaria do 31 de outubro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Carlos López Font.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

**Invitados:**

D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día 31 de outubro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1239).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de outubro e extraordinaria e urxente do 22 e do 24 de outubro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1240).- RENUNCIA Á CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO BP13 (B39) DO MERCADO MUNICIPAL DO PROGRESO. EXPTE. 5454/106.**

Dáse conta do informe-proposta do 18/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, a técnica de Administración Xeral, e polo concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14/09/2009, acordou outorgar a Plácida Castro Castro, NIF \*\*\*473W a concesión de dominio sobor do posto denominado BP13 (B39), bancada de peixe do Mercado do Progreso.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 05/10/2017 (doc nº170137154) e 13/04/2018 (doc nº180054436), don José Manuel Mariño Castro e dona Plácida Castro Castro, presentan a renuncia á devandita concesión, achegando ao mesmo escrito da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, no cal se certifica que o concesionario non ten pendente débedas pendentes ca mesma.

3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato se formaliza en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interés ou a orde pública nin perxudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 , para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobre os postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobre os mesmos.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP13 (B39) bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interés público nin perxudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non dá lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Aceptada dita renuncia, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, adxudicataria do contrato da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, obtén a concesión de dominio sobre o posto BP13(B39), ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Aceptar á renuncia á concesión de dominio outorgada a D<sup>a</sup> Plácida Castro Castro por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/09/2009, e en consecuencia outorgar a concesión de dominio sobre o posto de referencia BP13 (B39) bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Advertir que a renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio na data 14/09/2009, non da lugar a indemnización ou reembolso ningún.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados D<sup>a</sup> Plácida Castro Castro, ao seu fillo D<sup>o</sup> José Manuel Mariño Castro e a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1241).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO BP13 (B39) DO MERCADO MUNICIPAL DO PROGRESO. EXPTE. 5815/106.**

Dáse conta do informe-proposta do 22/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, a técnica de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- Mediante informe proposta do xefe de servizo de comercio de data 18/10/2018 co conforme do concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“**PRIMEIRO.- (...)**, e en consecuencia outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia BP13 (B39) bancada de peixe, á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.(...)”

2.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato se formaliza en data 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015.

3.- - Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 28/06/2018 (doc nº 180101032), dona Ana Belén García Rivera, solicita traspaso do devandito posto BP13.

4.- A Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 09/07/2018 (doc nº 180108218) solicita autorización para o traspaso do posto BP13 a favor de Ana B. García Rivera, informando así mesmo de que esta está ao corrente do pago do canón correspondente e gastos xerais do mercado.



## Concello de Vigo

5.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 19/10/2018, don Jesús Abalde Guiandanes en nome e representación da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso presenta escrito no que constan as condicións ás que se suxeitará a cesión do posto.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescripcóns técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Con respecto á autorización do traspaso solicitado pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, os pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescripcóns técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, que constitúen a lex contractus, establecen o seguinte:

A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- **Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación**

“ 1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a “supermercado” e “cafetería”, así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente ós usuarios polo Concello de Vigo e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, poidesen quedar valeiros no futuro (espazos da concesión ó adxudicatario do concerto). En concreto, e coas concrecións que establece o PCAP, conforman o obxecto contractual as prestacións e actividades seguintes: (...)

(...)e) Finalmente, o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público, **dos postos de venda do Mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes** e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se dicten.(...)”.

#### **- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio**

“1. O prazo de contrato é de vintecinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ó mes seguinte á data da sinatura do documento formalizador do contrato e dos documentos concesionais. (...)”

O contrato de xestión integral do servizo público de mercado no “Mercado Municipal do Progreso” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible se formaliza o 30 de xuño de 2015 dando comezo o 1 de xullo de 2015 polo que, toda vez que ten unha duración de vintecinco (25) anos contados desde dita data, o mesmo remata o 1 de xullo de 2040.

#### **- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio**

“1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados (“supermercado”, “cafetería” e postos valeiros), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ó arrendamento de ditos espazos có exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas. A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice, que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.

2. En coherencia coas concesións de dominio outorgadas no Mercado do Progreso e en cumprimento dos compromisos municipais adquiridos, a cesión dos postos valeiros do Mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa.”



## Concello de Vigo

B) No Prego de prescricións técnicas no seu artigo 6 establece o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

“1. O adxudicatario, de conformidade có establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Nembargantes, non poderá arrendalos máis que para usos temporáís, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.

2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedemento e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, poidesen quedar valeiros no futuro, en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.

3. Unha vez aboada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizaráse o contrato de cesión; éste e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a éste sinón dende o dito depósito. O cesionario convírtese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogaráse nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, poidesen quedar valeiros no futuro, se suxeitará ás seguintes condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ó Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización
- c) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
  - O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
  - No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
  - As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
- d) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).

6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comerciantes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada.”

Á vista do exposto, procede autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso para a cesión a dona Ana Belén García Rivera da concesión de dominio do posto BP13 (B39) ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión.

Con respecto á obriga do cedente (Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo) de satisfacer ao Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, e tendo en conta que o importe mensual é de 179,93 euros/mes, o importe total é de **3.899 euros** (resultado de multiplicar o canon mensual vixente polo tempo que resta ata a data de remate da concesión 01/07/2040, que é 21 anos e 8 meses).

Advertir que, unha vez aboada a cantidade anterior, formalizárase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

En mérito ao que antecede, **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local, Previo informe da Intervención Xeral, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:





## Concello de Vigo

**“PRIMEIRO.-** Autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo , de conformidade cos Pregos de cláusulas administrativas particulares e os Pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/02/2014, á cesión da concesión de dominio do posto BP13 a dona Ana Belén García Rivera, ata a data 1 de xullo de 2040, data de remate da concesión de dominio, cesión que se suxeita ás seguintes condicións:

- a) O canon mensual inicial para o presente ano é de 179,93 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC.
- b) O cesionario convírtese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.
- c) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- d) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.
- e) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.
- f) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
  - Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
  - O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
  - No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíble ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
  - As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. “
- g) As obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e, requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, elo sen perxuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e á súa costa.

**SEGUNDO.-** Requerir á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, o pago de **3.899 euros** (resultado de multiplicar o canon mensual vixente polo tempo que resta ata a data de remate da concesión 01/07/2040, que é 21 anos e 8 meses).

**TERCEIRO.-** Advertir que, unha vez aboada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo aos interesados á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso e a dona Ana Belén García Rivera , advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1242).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS DEPORTIVOS DO IMD BAIXO A GRADA DE RÍO DE BALAIÓDOS”. EXPTE. 87/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 25/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) na seguinte orde descendente:

| <b>Orde</b> | <b>Licitador</b>                  | <b>Puntuación total</b> |
|-------------|-----------------------------------|-------------------------|
| 1           | S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA | 91,99 puntos            |

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



## Concello de Vigo

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

### **5(1243).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 9115/612.**

Visto o informe de fiscalización do 26/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612) na seguinte orde descendente:

|   | <b>Licitador</b>                       | <b>Puntuación</b> |
|---|----------------------------------------|-------------------|
| 1 | GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. | 100 puntos        |

**Segundo.-** Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.
- Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., o día 19 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 23 e 25 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 18 de outubro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza nas instalacións de Vigozoo (9.115-612) por un prezo total de 42.743,25 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.418,25 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1244).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PIENSOS E DEMÁIS FORRAXES PARA O CONSUMO DA FAUNA DO PARQUE ZOLÓXICO VIGOZOO. EXPTE. 9233/612.**

Visto o informe de fiscalización do 25/10/18, dáse conta do informe-proposta do 23/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) na seguinte orde descendente:

|   | <b>Licitador</b>                     | <b>Puntuación</b> |
|---|--------------------------------------|-------------------|
| 1 | CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. | 100 puntos        |

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4f da LCSP):

- Acreditación da constitución garantía definitiva

Así mesmo, ao non esixirse neste procedemento a súa inscrición obrigatoria no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no rexistro da correspondente CCAA, o licitador deberá presentar a seguinte documentación:

1. Ao tratarse dunha persoa xurídica, acreditación da válida constitución e obxecto social.
2. Capacidade de obrar.
3. Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
4. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
5. A acreditación da solvencia económica e técnica xa foi presentada polo licitador na súa oferta. Se ben a solvencia económica acreditada é suficiente segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP, a solvencia técnica non. En consecuencia, deberán completala tendo en conta o previsto na cláusula 8.5.3 do PCAP que se transcribe:

Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., o día 9 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. o procedemento aberto procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) por un prezo total de 60.113,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.032,38 euros, e cunha porcentaxe de redución dos prezos unitarios consignados na cláusula 1 do PPT do 11,9%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1245).- PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO I.E.S. SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DO CARME PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA ESCOLAR “PROGRAMA VIGO EN XOGO”(CURSO ESCOLAR 2018/19). EXPTE. 2361/611.**

Visto o informe xurídico de data 24/09/18 e o de fiscalización do 04/10/18, dáse conta do informe-proposta do 07/09/18, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

Con data 1 de agosto de 2018 asínase o informe proposta para orde de inicio polo asinado polo Adxunto a Xefatura do Servizo de Deportes – Director Técnico.

Con data 30 de agosto de 2018 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 30 de agosto de 2018 asínase memoria xustificativa asinada polo Adxunto a Xefatura do Servizo de Deportes – Director Técnico.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Lei 9/2017 do 8 de Novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.





## Concello de Vigo

### XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na Rúa Gran Vía nº 191. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, considerando que ademais este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos educativos e deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 6.2 de la ley 9/2017, de 8 de novembro, da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as

dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas da ley 9/2017.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do pavillón polideportivo do Carmen.
- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, será a responsable da execución da actividade, e das responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) O Centro escolar público IES San Tomé de Freixeiro, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

#### HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón do Carmen, nos horarios seguintes:

| Días     | Horario       | Instalación       |
|----------|---------------|-------------------|
| Luns     | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carne |
| Martes   | 10:00 a 15:00 | Pavillón do Carne |
| Mércores | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carne |
| Xoves    | 10:00 a 15:00 | Pavillón do Carne |
| Venres   | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carne |

#### PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2018-2019.

#### VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO – EXENCIÓN DE PREZO PÚBLICO

O IES SAN TOME DE FREIXEIRO, en base ó artigo 5 A) 1, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1.053 horas durante a duración do convenio, a 8,10 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 8.529,30 €.



## Concello de Vigo

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O IES SAN TOME DE FREIXEIRO, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o IES SAN TOME DE FREIXEIRO para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización do Pavillón do Carmen en Travesas, que ascende a 8.529,30 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado “A,1” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2018, na súa ordenanza 52”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN 2361/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O IES SAN TOME DE FREIXEIRO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARME EN TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA.**

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.

Doutra parte Dona María Rocío Sío Castiñeira con Dni 36067023-X, como representante legal do Centro IES San Tomé de Freixeiro con CIF Q-8655286-F, tal como acredita.

### **MANIFESTAN QUE**

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar público do IES San Tomé de Freixeiro, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Gran Vía s/n. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento e realización das actividades docentes de Educación Física.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES San Tomé de Freixeiro conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes cláusulas,

### **CLAÚSULAS**

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar nas instalacións Municipais do Pavillón do Carmen e en Travesas.
2. O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro, en base ó artigo 5 A)1, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1.053 horas durante a duración do convenio, a 8,10 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 8.529,30 €.
3. O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de do Carmen en Travesas, nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
4. O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
5. O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
6. O Centro escolar IES San Tomé de Freixeiro comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.
7. A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.



## Concello de Vigo

- 8.O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.
- 9.Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.
- 10.Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma,o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.
- 11.A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
- 12.A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará por á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.
- 13.A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2018-2019. Poderá estar suxeito a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e disponibilidade de instalacións:

| Días     | Horario       | Instalación       |
|----------|---------------|-------------------|
| Luns     | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carme |
| Martes   | 10:00 a 15:00 | Pavillón do Carme |
| Mércores | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carme |
| Xoves    | 10:00 a 15:00 | Pavillón do Carme |
| Venres   | 11:00 a 15:00 | Pavillón do Carme |

14. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

**8(1246).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L.U. PARA A ORGANIZACIÓN DA XVIII EDICIÓN DE “O MARISQUIÑO”. EXPTE. 7638/335.**

Visto o informe xurídico de data 23/10/18 e o de fiscalización do 26/10/18, dáse conta do informe-proposta do 15/10/18, asinado pola xefa de Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- 14.Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- 15.Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.
- 16.Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.
- 17.Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.
- 18.Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- 19.Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- 20.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- 21.Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- 22.Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

## INFORME.

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 9 de outubro de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a subvención nominativa a favor da sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, para a organización da XVIII edición de “O Marisquiño”.

O evento tivo lugar os días 10, 11 e 12 de agosto de 2018 no Paseo das Avenidas.

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU ven realizando a organización e desenvolvemento dun programa de actividades adicadas principalmente á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

Ao longo dos seus dezasete anos de historia, o Festival “O Marisquiño” posicionouse dentro da élite exclusiva de eventos que reúne a cualificación de “Word Cup” para tres disciplinas deportivas urbanas. Así mesmo, conta coa participación de 1.500 deportistas entre profesionais e amateurs de trinta nacionalidades para as distintas modalidades: “Word Cup Sketeboarding”; “BMX Street”; “FMB Dirt Jump”; “MTB Mountain Bike”, “Jam BMX Flatland”; “FMX Motocross e “Basket 3x3”.

A calidade das probas internacionais, e a súa singularidade dirixida a públicos de todas as idades convocou na última edición a máis de 160.000 persoas ao longo dos tres días do evento, producindo un gran impacto económico no sector servizos. A repercusión publicitaria da cidade a nivel nacional e internacional vinculada ao evento transformouse nunha plataforma de comunicación cun gran valor estratéxico. Os datos do último ano relacionados coa publicidade revelan un impacto tanto en medios de comunicación tradicionais tales como informativos das principais cadeas de TV nacionais e internacionais, como en medios virtuais “on line” cuns impactos de 1,2 millóns de persoas da retransmisión en “Streaming” a mais de 30 países, 49.500 millóns de reproducións de vídeo na rede social “Tuiter”; 5 millóns de reproducións en vídeo en “Facebook”; 362.000 visitas á web de “O Marisquiño”. A presenza



## Concello de Vigo

de “influencers” no festival contribúen á difusión da imaxe da cidade vinculada ao desenvolvemento do evento. \*(datos facilitados por Ulisesproject Eventos Especiales SLU).

Paralelamente as anteditas modalidades deportivas, desenvólvense dentro do Festival actividades de cultura urbana tales como “Break Dance”, “Graffiti” e “E-Sports”.

Compre sinalar que, o acceso a todas as probas deportivas e culturais de carácter urbano desenvolvidas dentro da programación do festival son de balde.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifestou que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca. A marca “O Marisquiño” atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas ao seu nome.

A sociedade Ulisesproject Eventos Especiales SLU achega os documentos acreditativos da exclusividade para a realización de tres dos campionatos internacionais: “Freeride Mountain Bike Word Tour”; “Word Cup Skateboarding” e “Basket 3x3”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 218.500,00 (douscentos dezaoit mil cincocentos) euros, para a organización de “O Marisquiño”.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción da cultura.

Ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, con data 19 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival Marisquiño 2018 (expediente 7467-335). Con data 31 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” por importe de 181.500,00 €.

O texto do antedito convenio foi asinado con data 2 de agosto de 2018. (Constan no expte. 7467-335 os respectivos acordos e máis o texto do convenio).

Como resultado deste acordo, o servizo de Festas dispón dunha dotación de 181.500,00 €, na aplicación 3380.470.0000 do seu vixente orzamento (expte. 7467-335). Así mesmo a aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do Servizo de Festas dispón dunha dotación de 218.500,00 €.

Que o réxime xurídico de aplicación da presente subvención nominativa atenderá ao previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3380.470.001 que prevé a concesión dunha subvención directa por importe de 218.500,00 (douscentos dezaoto mil cincocentos) euros, para o Festival “O Marisquiño” e, para dar cumprimento ao recollido no pacto segundo do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño”, foi dotada á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 cun importe de 181.500,00 €.

Ulisesproyect Eventos Especiales SLU presenta un presuposto xeral de inversión por importe de 811.203,00 €, sendo as partidas de gastos a subvencionar polo Concello as que especificamente figuran no presuposto por importe de 400.000,00 euros, e que corresponden as actividades deportivas.

Consta no expediente as declaracións responsables e certificacións que acreditan que Ulisesproyect Eventos especiales SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo. Así mesmo conta a declaración de que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, consta a declaración responsable conforme lles concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade

A concesión da subvención está suxeita ao cumprimento pola entidade beneficiaria dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas no texto da resolución. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Ulisesproyect Eventos Especiales SLU asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables.

O texto da resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Con data 15 de outubro de 2018 a Deputación de Pontevedra da a súa conformidade ao texto da resolución de concesión da subvención nominativa.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.





## Concello de Vigo

Que a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei de Subvención de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 7638-335).

A presente subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no texto da resolución; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A beneficiaria foi informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos foron tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 20.4 e 20.8.b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da resolución de concesión de subvención e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

## PROPOSTA:

**PRIMEIRO.-** Conceder unha subvención nominativa a favor da entidade Ulisesproject Eventos Especiales SLU, con C.I.F. núm. B-36957132, por importe de 400.000,00 euros, dos cales 218.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio de 218.500,00 €, de acordo ás seguintes condicións que se se detallan:

### CONDICIÓN PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

A concesión da subvención nominativa a favor da sociedade Ulisesproject Eventos Especiales SLU co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da XVIII edición de “O Marisquiño” que tivo lugar no Paseo das Avenidas os días 10, 11 e 12 de agosto de 2018. O evento desenvolveu un programa de actividades dedicadas principalmente aos deportes e cultura urbana. O Concello de Vigo subvencionará as probas e disciplinas deportivas (Word Cup Sketeboarding; BMX Street; FMB Dirt Jump; MTB Mountain Bike, Jam BMX Flatland; FMX Motocross; Basket 3x3), e as relacionadas coa cultura urbana (Break Dance, Graffiti e S-Sports).

### CONDICIÓN SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no presente exercicio económico. Considerándose subvencionables en concreto aqueles que figuran no “orzamento de gastos a xustificar ó Concello de Vigo” achegado pola entidade Ulisesproject Eventos Especiais SLU, por importe de 400.000,00 €, especificados no anexo II desta resolución.

### CONDICIÓN TERCEIRA.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

### CONDICIÓN CUARTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Ulisesproject Eventos especiales SLU comprometeuse a asumir as seguintes obrigas:

- 1º.- Desenvolver todo o concernente á organización das actividades do Festival O Marisquiño, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no anexo I desta resolución.
- 2º.- Asumir todos os gastos recollidos no presuposto económico que figura no anexo II.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.



## Concello de Vigo

6º.- A beneficiaria deu a adecuada publicidade ao financiamento municipal das actividades subvencionadas obxecto de subvención, mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra e dá imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios..

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia deseñado para o evento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

### CONDICIÓN QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprometeuse a:

1º- Publicitar a XVIII edición do Festival “O Marisquiño” dentro da programación das Festas de verán 2018 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2018 por importe de 400.000,00 euros, co obxecto de coadjuvar ao financiamento da programación, organización e execución da XVIII edición de “O Marisquiño” dos cales 218.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

### CONDICIÓN SEXTA.- COMPATIBILIDADES DAS AXUDAS.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### CONDICIÓN SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, na primeira quincena de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.



## Concello de Vigo

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### CONDICIÓN OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da cantidade subvencionada realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 79 3040021974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

### CONDICIÓN NOVENA.- EXISTENCIA DE CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 218.500,00 (douscentos dezaoto mil cincocentos) euros, para a organización de "O Marisquiño" con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

### CONDICIÓN DÉCIMA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### CONDICIÓN DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DA SUBVENCIÓN

A vixente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

#### CONDICIÓN DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME SANCIONADOR

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SEGUNDA.-** Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 400.000,00 euros, a favor de Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, con C.I.F. núm. B-36957132, dos cales 218.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

**TERCEIRA.-** Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **9(1247).- PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DE EXPERIENCIA PILOTO PARA A REGULACIÓN DO USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS FORA DO CONCELLO EN EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE PROFESIONAL DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 32643/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 25/10/18, asinado pola xefa dá Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado dá Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 04/11/2016. acordou o impulso e elaboración dun Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de adaptación ao novo marco legal co oportuno desenvolvemento tecnolóxico, baixo a dirección da Concillería delegada de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica; e, constituíndo para o efecto unha Comisión Técnica de composición interdisciplinar (CTPTI).

2.- Por resolución de data 18/11/2016 foi constituído o Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Seguridade (GT ENS) e Esquema Nacional de Interoperabilidade, no marco do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal de Vigo. Dito grupo, integrado polo Técnico de Sistemas do Servizo de Administración Electrónica e pola Xefatura da Área de RRHH e Formación, ten por funcións a definición e proposta das concretas actuacións para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo no concreto ámbito material indicado, contando coa asistencia da Comisión Técnica do Plan.

3.- Un dos aspectos debatidos no marco das sesións de traballo da Comisión Técnica e do GT ENS foi o da necesidade de regulación da utilización de medios electrónicos fora das instalacións do Concello, motivada no exercicio de funcións públicas, por parte dos efectivos públicos municipais, especialmente naqueles postos de traballo que desempeñen funcións de carácter directivo -moitos dos cales xa fan uso habitual deste sistema- así como a posibilidade de implantación dunha experiencia piloto de traballo a distancia para o persoal técnico base, o cal non ten asignadas funcións directivas, pero con respecto ao cal resulta facilmente medible o rendemento profesional dun eventual traballo remoto utilizando medios electrónicos.

#### **FUNDAMENTACIÓN TÉCNICA**

Solicitado informe á Xefatura de Administración Electrónica, no mesmo expponse a seguinte motivación técnica:

“O día 07/09/18 a Xefa da Area de Recursos Humanos solicita emisión de un informe por parte de este servizo, de Administración Electrónica, sobre a posibilidade de levar a termo un proxecto piloto de teletraballo no Concello de Vigo. En dita solicitude de informe, cabe distinguir aspectos relacionados coa capacidade técnica para a prestación do apoio necesario de outros que corresponde a un ámbito máis subxectivo. Así faise por una banda referencia á dispoñibilidade de servizos específicos de comunicación como é a VPN, servizos virtuais, dispositivos, etc, e por outra a aspectos que teñen que ver coa asignación

de recursos informáticos ou a posible obtención de parámetros que poidan avaliar o resultado da experiencia. En este senso compre dicir que:

- O uso dos dispositivos electrónicos conectados a rede municipal fóra das instalacións municipais, xa sexan propiedade do Concello ou de terceiros, está regulado , como consecuencia do desenvolvemento do documento de Políticas de Seguridade, por normativas técnicas aprobadas en XGL do día 16 de Marzo de 2017. Esta regulación técnica atopase principalmente no documento "Normas para traballar fora das instalacións" así como no punto 6 do "Documento seguridade" que se atopan dispoñibles na intranet corporativa do Concello de Vigo.
- No referente ó acceso á rede corporativa, dende o exterior, Administración Electrónica dispón dun servizo que proporciona unha conexión virtual entre dous dispositivos para habilitar o intercambio de información de xeito seguro, aínda que o medio sexa inseguro como é o caso de Internet, facendo posible que as comunicacións sexan: confidenciais, garanta a integridade da información e a súa autenticación (VPN).
- O Concello de Vigo, en cumprimento da normativa desenvolvida o aveiro do RD 3/2010 polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, dispón de unha ferramenta centralizada de xestión e análise de información de seguridade (Security Information and Event management, SIEM) do cal se poden extraer entre outros, datos relativos os accesos dos usuarios a nosa infraestrutura de servizos electrónicos (accesos a rede corporativa -orixe tempos de conexión, acceso a equipos, accesos a sesións, etc).
- En canto ós recursos electrónicos, que con carácter xeral se poñen a disposición dos empregados municipais (estacións de traballo e teléfono fixo), hai unha infraestrutura piloto que permite a virtualización do posto de traballo facendo posible que un empregado do Concello acceda o seu posto de traballo e ó seu teléfono dende fora da rede do Concello de Vigo.
- O servizo de Administración Electrónica conta así mesmo con ferramentas que permiten a teleasistencia e a teleconferencia con usuarios fora da rede municipal.
- Con respecto á xestión de presenza dos empregados municipais en estes momentos no Concello utilízase a aplicación VisualTime. Esta aplicación consta de un servidor central e unha rede de reloxos, con capacidade de lectura dactilar e tarxetas de proximidade para que os empregados realicen a fichase. Como funcionalidade adicional o servidor aporta un portal do empregado mediante o cal se pode habilitar o fichase dos empregados municipais, que se considere oportuno, utilizando ordenadores, tabletas ou dispositivos móbiles.
- Con respecto á disposición de material ós usuarios finais, dado que non existe normativa técnica nin instrucións de carácter xeral, creemos que é conveniente diferenciar entre traballo en mobilidade con respecto ó teletraballo. Se ben no primeiro escenario parece obvio que é o Concello de Vigo quen debe dotar ós seus empregados dos medios materiais para o desenvolvemento de este tipo de tarefas





## Concello de Vigo

no segundo non parece tan claro que sexa a Administración a que teña que poñer os medios materiais, por exemplo a conexión a internet, para a desempeño do mesmo.

- Se ben como se indica anteriormente dende o servizo de Administración electrónica dispónse das ferramentas e servizos que fan posible o despregue de unha infraestrutura de teletraballo é fundamental a existencia de un soporte os empregados que poidan facer uso de este tipo de servizos. A asistencia a este tipo de usuarios está condicionada polos recursos humanos dispoñibles no Servizo de Administración Electrónica así como a dedicación que os teletraballadores poidan requirir. En estes momentos tendo en conta o número de persoas (operadores, programadores e técnicos de sistemas) non resulta operativo abordar un proxecto de teletraballo mais aló de un entorno piloto con un número reducido de empregados municipais que presenten unhas habilidades tecnolóxicas que faciliten as tarefas da asistencia.
- Dende Administración Electrónica existe a posibilidade de auditar, trazar e medir temporalmente os accesos dende o exterior da rede, pero non se considera posible realizar unha ponderación sobre o traballo, dende o punto de vista da calidade, do desenvolvemento das funcións dos empregados municipais baixo a modalidade de teletraballo. Os datos que, dende o servizo de Administración Electrónica, se poden aportar poden axudar a avaliación dende o punto de vista cuantitativo pero non dende o punto de vista cualitativo.

### Conclusión :

Como se expuso anteriormente, o Concello de Vigo conta con un conxunto de ferramentas e servizos que poden axudar a facer posible o desenvolvemento de un proxecto piloto de teletraballo dando soporte tecnolóxico a aqueles perfís laborais que utilicen principalmente sistemas informáticos e de comunicacións para ó desempeño das súas funcións.

Considerase que o proxecto debe cumprir, a lo menos, os seguintes requisitos:

- O número de usuarios implicados, simultaneamente, non debe ser superior a 10.
- O tempo mínimo de duración de un usuario en dito proxecto non debe ser inferior a 4 meses.
- Os usuarios que se inclúan no proxecto deben acreditar canto menos, dispor de:
  - Unha liña de acceso a internet de calidade, con un velocidade mínima de 30 Mb
  - Un equipo informático con: 4 Gb de memoria RAM, 3,5 Gh Dual Core e capacidade multimedia (auriculares e micrófono), e sistema operativo compatible cos plugins de clientes do broker do entorno virtual XenDesktop.
  - Un teléfono móbil.
  - O traballador deberá de ter os coñecementos informáticos, teórico ou prácticos, suficientes para os exercicios das funcións que serán obxecto do teletraballo.

- O equipo e os coñecementos, non serán facilitados, en ningún caso, polo Concello de Vigo, e corresponderá ao empregado/a o mantemento, a reparación e a solución de incidencias imputables ao seu equipo informático e conexión a internet. Así mesmo, seguindo o establecido na normativa mencionada anteriormente, para a realización do teletraballo non poderán transferir a información do Concello aos seus domicilios por internet fora dos cauces seguros estabrecidos polo Servizo de Administración Electrónica, para evitar así a inseguridade deste medio. A información deberá de transportarse coas debidas precaucións en soporte electrónico ou en papel, e aplicaráselles a Normativa de Utilización dos Recursos e Sistemas de Información do Concello de Vigo.
- En caso de transportar a información en soporte electrónico, estes usarán as memorias USB proporcionadas polo Concello de Vigo, sendo de uso exclusivo para o transporte de información, en ningún momento usarase para almacenar a información. No caso de que necesiten almacenar información, o Servizo de Administración Electrónica poderá a disposición destas traballadores aplicacións, servizos e sistemas do Concello de Vigo unidades de almacenamento na rede. Así mesmo, no caso de que perdan as memorias USB aínda con información confidencial, deberán de comunicarse de forma inmediata ao Servizo de Administración Electrónica.
- A información é transportada en soporte papel, deberán de levala co maior coidado posible e durante a permanencia destes documentos no seu domicilio, asegurarse de protexela adecuadamente e baixo chave cando conteña información sensible, confidencial ou protexida, ou crítica co seu traballo. Cando termine de usar estes documentos, serán devoltos ao Concello e en caso de ser necesaria a súa conservación estes gardaranse nun ficheiro baixo chave, pero no caso de que non sexa necesario conservar os documentos estes eliminaranse nas máquinas destrutoras da entidade, para que así non sexa posible recuperar a información que estes documentos conteñan. Finalmente, no caso de que sexa necesario dixitalizar a información deberá de facerse preferentemente nas dependencias do Concello de Vigo, cumprindo coas medidas de seguridade esixidas, é dicir,, precisar o arquivo no que se vai a dixitalizar e non deixar os documentos máis tempo do necesario na máquina.

Dende o Servizo de Administración Electrónica **considerase moi interesante e viable a posta en marcha de este proxecto piloto de teletraballo**, tendo sempre en conta as limitacións actuais, en canto a recursos humanos, do servizo de Administración Electrónica."

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Os cambios normativos tendentes á modernización dixital e mellora funcional das Administracións Públicas, recentemente operados polas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, esixen a asunción do reto de transformación organizativa e funcional, non só dende a perspectiva estrictamente procedimental e administrativa, senón tamén dende a óptica do desempeño de funcións públicas por parte dos empregados/as públicos.



## Concello de Vigo

Como consecuencia directa do anterior, detéctase a necesidade de regulación da utilización de medios electrónicos fora das instalacións do Concello, motivada no exercicio de funcións públicas, por parte dos efectivos públicos municipais; necesidade que ven motivada por dous aspectos esenciais:

- a garantía do acceso a medios electrónicos corporativos, de xeito tal que estén claramente identificados qué usuarios/as teñen acceso aos ditos medios, en atención ao contido funcional dos postos de traballo no exercicio de funcións de carácter público, de xeito tal que o control de ditos usos acabe revertindo na garantía da seguridade na utilización de medios electrónicos fora do Concello de Vigo.
- o estudo, como experiencia piloto, do desenvolvemento, sistemas, medios e control do desempeño de funcións de carácter público, derivadas da prestación do servizo público, a través de medios electrónicos, de xeito tal que se poda efectuar unha primeira análise, con datos e resultados medibles e contrastables, para abarcar as iniciativas de regulación do desempeño das total ou parcial de funcións inherentes aos postos de traballo fora das Administracións Públicas e por medios electrónicos, contemplado no artigo 107 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que sinala que:

“Cando a natureza do posto que se desempeñe o permita, e sempre que se garantice a correcta prestación dos servizos, os empregados públicos poderán realizar todas as funcións do seu posto ou algunhas delas fora das dependencias da Administración pública na que estén destinados, mediante o emprego das novas tecnoloxías, nos suposto e cos requisitos que se determinen regulamentariamente”

Dita posibilidade, a falta de desenvolvemento normativo que permita, polo momento, unha extensión a unha parte significativa dos postos de traballo municipais, resulta especialmente necesaria e salientable naqueles postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, dado que o seu contido funcional permite efectuar unha adecuada medición parametrizada do rendemento laboral a través de medios electrónicos.

O desempeño efectivo das funcións indicadas pode ser comprobado e controlado mediante ás conexións á rede VPN do Concello de Vigo; sistema de xestión de expedientes; portafirmas e sinaturas electrónicas realizadas; incorporando as reunións corporativas axendadas en ZIMBRA.

Igualmente, deberá establecerse un sistema adicional de control, consistente no control directo pola xefatura de Área ou servizo (ou superior xerárquico do persoal directivo) do traballo efectivamente desempeñado, que se concretará na emisión de informe mensual descriptivo e avaliativo do rendemento do efectivo acollido á experiencia piloto. Dito informe deberá ser remitido inexcusablemente á Área de Recursos Humanos e Formación para control e incorporación ao expediente persoal do efectivo.

A conciliación do traballo utilizando medios remotos coa atención presencial leva aparellada unha presenza mínima obrigatoria equivalente a 3 xornadas completas por semana de traballo, podendo 2 xornadas á semana ser efectuadas mediante medios electrónicos dende fora do Concello, debendo rexistrarse inexcusablemente a incorporación e remate da xornada laboral a través dos sistemas de control de presenza horaria indicados no informe da Xefatura de Administración Electrónica.

**II.-** Debe considerarse a perspectiva da próxima aprobación da nova Directiva comunitaria de conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores, actualmente en tramitación<sup>1</sup>. Así, a proposta do texto da Comisión sinala no seu artigo 9.1 que:

“los Estados miembros adoptarán las medidas necesarias para garantizar que los trabajadores con hijos de hasta una edad determinada, que será como mínimo de doce años, y los cuidadores tengan derecho a solicitar fórmulas de trabajo flexible para ocuparse de sus obligaciones familiares”.

Por tanto, a presente experiencia piloto enfócase dende o punto de vista da tendencia normativa e social cara ao acadamento do máximo equilibrio posible nas diferentes facetas humanas -profesional e persoal- de todo empregado/a público, derivadas do dereito constitucional á igualdade de trato e de oportunidades, así como á non discriminación por razón de sexo, previsto nos artigos 9, 14 e 39 da Constitución de 1978, fomentando ademáis o “equilibrio entre obligaciones familiares y profesionales y ofrecer una mayor igualdad de oportunidades para mujeres y hombres, en el trabajo y en el hogar” .

En igual senso se pronuncia o artigo 14 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, xuntamente co artigo 14 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) lembrándose que o dereito á conciliación contéplase na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos termos do previsto no seu artigo 71 e demáis de concordante aplicación.

Deste xeito, e como sinala o propio Consello Europeo, “la legislación y las políticas nacionales y de la UE deberían:

- ayudar a los trabajadores a conciliar la vida profesional y la familiar
- ayudar a las empresas a retener el talento
- promover la flexibilidad para empleadores y trabajadores
- fomentar la igualdad de oportunidades
- generar crecimiento económico y beneficiar a la sociedad en su conjunto, incluidos los niños y las personas que necesitan cuidados familiares”

**III.-** En consecuencia, e á vista do exposto, procédese a efectuar proposta de autorización dunha experiencia piloto que permita obter datos sobre a efectividade dos medios de control do dito traballo fora do Concello de Vigo, xunto coa viabilidade dunha ulterior implantación dun sistema de teletraballo no Concello, nos termos do que estableza a normativa de desenvolvemento das previsións da Lei 2/2015, do 29 de abril, e normativa de concordante aplicación.

A experiencia piloto obxecto do presente expediente non poderá ter máis de 10 efectivos municipais acollidos ao mesmo, segundo a fundamentación técnica anteriormente exposta, e terá 1 ano de duración, contado dende a data de inicio efectivo do traballo mediante

1 V. <http://www.consilium.europa.eu/es/policies/work-life-balance/>



## Concello de Vigo

medios remotos; transcurridos os primeiros 6 meses, efectuarase unha análise por parte da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral -ou por grupo de traballo sectorial constituído e designado ao efecto- para concluir sobre a viabilidade da súa extensión e/ou mantemento ao resto da organización municipal.

A experiencia piloto será susceptible de prórroga, por idénticos períodos temporais, por acordo expreso do órgano municipal competente.

**IV.-** O presente documento foi sometido a análise previa da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración en data 24/09/2018, nos termos do establecido tanto na resolución constitutiva do mesmo como do debatido no seo do Grupo de Traballo para a adaptación ao Concello das previsións do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) durante o período do seu funcionamento; acreditación documental do cal obra incorporado ao expediente electrónico nº 88/1102.

**IV.-** Ao tratarse dunha experiencia de carácter eminentemente voluntario, non resulta preceptivo o trámite de negociación colectiva contemplado no artigo 37 do TREBEP, sen prexuízo de que calquera medida definitiva que afecte ás condicións de traballo e careza da esencial nota da voluntariedade deberá ser sometida a negociación colectiva.

Non obstante, e en aras dunha interlocución co actor sindical baseada no principio de boa fe establecido no TREBEP (artigo 34.7) foi proporcionada toda a información sobre o expediente en trámite ao órgano de representación do persoal (Comité de Persoal) a través de un trámite de audiencia, por un período de 10 días hábiles segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (aviso mediante CRO efectuado no expediente); trámite que foi complementado coa disponibilidade da documentación completa do expediente (AVS), efectuado na tramitación electrónica.

Rematado o prazo, non consta a presentación de alegacións á presente proposta efectuadas dentro do mesmo.

**V.-** Por tanto, e no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Xunta de Goberno Local en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, sométese á primeira a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o documento de **“Experiencia piloto para o traballo mediante o uso de medios electrónicos fora das instalacións do Concello de Vigo”**, de conformidade cos informes e dictames emitidos ao expediente electrónico nº 32.643/220, contida no anexo único, que forma parte inseparable do presente acordo.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ás Concellerías-delegadas de Área, persoal directivo municipal, Comité de Persoal (Presidente), Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal de Vigo, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación e Inspección de Persoal, para coñecemento e efectos.

**Terceiro.-** Ordenar a súa publicación na Intranet Municipal, establecendo un prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación para acollemento voluntario do persoal municipal á experiencia piloto, nos termos do contemplado no anexo único.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **“EXPERIENCIA PILOTO PARA O TRABALLO MEDIANTE O USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS FORA DAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO”**

### **1.- OBXECTO E FINALIDADE**

O presente documento ten por obxecto a posta en marcha dunha experiencia piloto de desempeño do traballo mediante o uso de medios electrónicos fora das instalacións do Concello de Vigo, sendo a finalidade o control de uso dos medios electrónicos, a identificación dos usuarios/as e o control do traballo efectivo realizado de xeito non presencial, xunto co estudio, como experiencia piloto, do desenvolvemento, sistemas, medios e control do desempeño de funcións de carácter público, derivadas da prestación do servizo público a través de medios electrónicos, de xeito tal que se poda efectuar unha primeira análise, con datos e resultados medibles e contrastables, para abarcar as iniciativas de regulación do desempeño das total ou parcial de funcións inherentes aos postos de traballo fora das Administracións Públicas e por medios electrónicos, contemplado no artigo 107 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que sinala que:

“Cando a natureza do posto que se desempeñe o permita, e sempre que se garantice a correcta prestación dos servizos, os empregados públicos poderán realizar todas as funcións do seu posto ou algunhas delas fora das dependencias da Administración pública na que estén destinados, mediante o emprego das novas tecnoloxías, nos suposto e cos requisitos que se determinen regulamentariamente”

### **2.- POSTOS DE TRABALLO SUSCEPTIBLES DE ACOLLERSE AO SISTEMA DE TRABALLO MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE MEDIOS ELECTRÓNICOS FORA DO CONCELLO DE VIGO**

Dita posibilidade, a falta de desenvolvemento normativo que permita, polo momento, unha extensión a unha parte significativa dos postos de traballo municipais, resulta especialmente necesaria e salientable naqueles postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2, ao estimarse que o contido funcional dos mesmos permite efectuar unha adecuada medición parametrizada do rendemento laboral a través de medios electrónicos.



## Concello de Vigo

### 3.- REQUISITOS

Poderá acollerse á experiencia piloto o persoal municipal que cumpla os seguintes requisitos:

- pertenza aos subgrupos A1 e A2 de titulación, tendo preferencia, dentro do referido persoal, aquel que acredite dificultades motivadas por razóns de distancia de desprazamento desde o seu domicilio a unha distancia superior a 85 km -cunha antigüidade na localidade do empadramento superior a 3 anos- e/ou por razóns de conciliación da vida familiar e laboral, con fillos/as ou acollidos menores de doce anos ao seu cargo.

En caso de haber máis de 10 solicitudes que cumpran os requisitos, establecerase o criterio da antigüidade no ingreso ao emprego público no Concello de Vigo para a determinación do dereito de preferencia.

A posibilidade de acollemento a este réxime de teletraballo atópase directamente relacionada coas circunstancias e requisitos concorrentes no momento do seu outorgamento, de xeito tal que a variación das mesmas está directamente vinculada coa perda da posibilidade de acollemento ao dito programa. Debido ao anterior, os efectivos que voluntariamente se acollan ao programa deberán acreditar o cumprimento dos requisitos cada ano natural mediante a presentación dunha declaración xurada ao efecto.

A experiencia piloto terá 1 ano de duración, contado dende a data de inicio efectivo do traballo mediante medios remotos; e será susceptible de prórroga por idénticos períodos temporais mediante acordo expreso do órgano municipal competente.

### 4.- PRESENCIA MÍNIMA OBRIGATORIA E PERÍODOS MÍNIMOS DE INTERCONEXIÓN

Establécese unha presenza mínima obrigatoria no Concello de Vigo equivalente a 3 xornadas completas por semana de traballo, podendo 2 xornadas á semana ser efectuadas mediante medios electrónicos dende fora do Concello, e debendo rexistrarse inexcusablemente a incorporación e remate da xornada laboral a través dos sistemas de control de presenza horaria indicados no informe da Xefatura de Administración Electrónica.

Poderán fixarse períodos mínimos de interconexión para o desempeño profesional mediante sistemas electrónicos e dixitais, períodos que, con carácter xeral, determínanse na franxa horaria comprendida no horario de presenza obrigatoria para todo o persoal (de 9h a 14:30h) contemplado nas vixentes Instrucións sobre xornada e horarios vixentes no Concello de Vigo, salvo que mediante informe motivado da xefatura da Área ou servizo, ou do superior xerárquico no caso do persoal directivo, poda establecerse motivadamente outra máis axustada ás necesidades derivadas da prestación do servizo público.

### 5.- SISTEMAS DE CONTROL

O desempeño efectivo das funcións indicadas será comprobado e controlado segundo os sistemas seguintes:

-Control por Administración Electrónica: mediante ás conexións á rede VPN do Concello de Vigo; sistema de xestión de expedientes; portafirmas e sinaturas electrónicas realizadas, e incorporación das reunións corporativas axendadas en ZIMBRA.

-Control directo pola xefatura de Área ou servizo (ou superior xerárquico do persoal directivo) do traballo efectivamente desempeñado, que se concretará na emisión de informe mensual descriptivo e avaliativo do rendemento do efectivo acollido á experiencia piloto. Dito informe deberá ser remitido inexcusablemente á Área de Recursos Humanos e Formación para control e incorporación ao expediente persoal do efectivo.

## 6.- COMUNICACIÓN DE ACOLLEMENTO E BAIXA VOLUNTARIOS AO SISTEMA

No prazo máximo de 5 días hábiles dende a notificación do acordo aprobatorio da presente experiencia piloto, os efectivos municipais interesados deberán comunicar á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a vontade de participar na experiencia piloto de utilización do sistema de traballo por medios electrónicos dende fora do Concello de Vigo, por escrito asinado electrónicamente, do cal se achegará comunicación por correo electrónico á Xefatura do Servizo de Administración Electrónica e á Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación.

Á solicitude deberá achegarse declaración xurada de coñecemento do Acordo da Xunta de Goberno Local de 16/03/2018, de adaptación das previsións do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) ao Concello de Vigo e da normativa técnica adxunta, xunto co compromiso da súa observancia e da comunicación inmediata de calquera incidencia técnica que imposibilite o seu uso ao Servizo de Administración Electrónica; e declaración xurada de confidencialidade no desempeño de funcións públicas por medios remotos, comprometéndose a cumprir o deber de segredo e sixelo previsto no artigo 53,12 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP, así como da observancia e cumprimento da normativa aplicable en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Igualmente, existirá a posibilidade de abandonar a experiencia piloto antes do vencemento de 1 ano, previa xustificación e aviso materializados mediante solicitude formulada no rexistro.

## 7.- OBRIGAS EN RELACIÓN AO USO DE EQUIPOS CORPORATIVOS ELECTRÓNICOS

O uso dos dispositivos electrónicos conectados a rede municipal fóra das instalacións municipais, xa sexan propiedade do Concello ou de terceiros, está regulado, como consecuencia do desenvolvemento do documento de Políticas de Seguridade, por normativas técnicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 16 de Marzo de 2017. Esta regulación técnica atopase principalmente no documento "Normas para traballar fora das instalacións" así como no punto 6 do "Documento seguridade" que se atopan dispoñibles na intranet corporativa do Concello de Vigo, resultando obriga de todo o persoal municipal o coñecemento do seu contido e alcance.

No referente ó acceso á rede corporativa dende o exterior Administración Electrónica dispón dun servizo que proporciona unha conexión virtual entre dous dispositivos para habilitar o intercambio de información de xeito seguro (VPN).





## Concello de Vigo

Os efectivos municipais que se acollan voluntariamente á experiencia piloto deberán participar obrigatoriamente nas actividades formativas que o Concello de Vigo convoque en materia de prevención de riscos laborais para usuarios de teletraballo.

En cumprimento do previsto no apartado 4, os efectivos que voluntariamente se acollan ao programa deberán acreditar o cumprimento e mantemento dos requisitos de acceso á experiencia piloto cada ano natural mediante a presentación dunha declaración xurada ao efecto.

### 8.- DURACIÓN

A experiencia piloto terá 1 ano de duración, contado dende a data de inicio efectivo do traballo mediante medios remotos; transcurridos 6 meses dende a súa posta en marcha, realizarase unha primeira avaliación do impacto no desempeño do traballo, efectuándose unha análise por parte da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral -ou polo grupo de traballo sectorial constituído e designado ao efecto- para concluir sobre a viabilidade da súa extensión e/ou mantemento ao resto da organización municipal.

A experiencia piloto será susceptible de prórroga, por idénticos períodos temporais, por acordo expreso do órgano municipal competente.

### **10(1248).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA DISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES DO CONTRATO MAIOR PARA A FINANCIACIÓN DA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL, Nº 7”. EXPTE. 37/441.**

Visto o informe de fiscalización do 24/10/18, dáse conta do informe-proposta do 19/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de agosto de 2018, entre outros asuntos acordou: "Adxudicar a CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77” (37-441) por un prezo total de 1.847.908,47 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 320.711,39 euros."

De acordo co PCAP a distribución de anualidades económicas previstas para a licitación do contrato foi a seguinte:

Ano 2018: 957.537,30 €

Ano 2019: 1.234.005,00 €

En base ao acordo de adxudicación por un importe de 1.847.908,47 €, correspondeu a seguinte contabilización da fase "D" para as dúas anualidades do contrato:

Ano 2018: 957.537,30 € Nº operación contable: 201800082020

Ano 2019: 890.371,17 € Nº operación contable: 201800082061

## **II.- Proposta:**

A vista dos antecedentes e tendo en conta a necesidade de axustar as anualidades inicialmente previstas no PCAP, a realidade do importe de adxudicación así a estimación da execución da obra, foi comunicada a mercantil adxudicataria deste expediente a seguinte proposta de axuste:

Ano 2018: 1.116.853,00 €

Ano 2019: 731.055,47 €

Consta no expediente, con data de entrada no Rexistro Xeral de 10 de outubro de 2018, a aceptación por parte do adxudicatario a proposta de axuste das anualidades para a execución da obra.

Por todo o exposto, e previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o importe da distribución das anualidades para a financiación da adxudicación do expediente 37/441 CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO POLIDEPORTIVO CUBERTO NA RÚA ROMIL, Nº 7, adxudicado a mercantil CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. por un prezo total de 1.847.908,47 euros, de acordo cos seguintes créditos:

a.- **Incrementar en 159.315,70 €** o compromiso de gasto da anualidade para o ano 2018, ata un importe total de 1.116.853,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 3420.622.00.07 do vixente orzamento.

b.- **Minorar en 159.315,70 €** o compromiso de gasto da anualidade do ano 2019, quedando un importe de 731.055,47 €, que será de aplicación á partida 3420.622.00.07 do orzamento do ano 2019.

O importe da segunda anualidade axustase ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2044 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, ao atoparse por debaixo do 70 % sobre o importe previsto para o presente exercicio.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1249).- INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA QUE DESESTIMA A PETICIÓN DO CONCELLO DE VIGO DE INICIO DO PROCEDIMENTO PREVISTO NO ART. ÚNICO DA LEI 3/2016 DO 1 DE MARZO DE MEDIDAS EN MATERIA DE PROXECTOS PÚBLICOS DE URXENCIA OU EXCEPCIONAL INTERESE PARA A EXECUCIÓN DO ACCESO AO COLEXIO PÚBLICO "PARROCO D. CAMILO" EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 309/403.**

Visto o informe xurídico do 24/10/18, dáse conta do informe-proposta do 02/10/18, asinado por dúas técnicas de Administración Xeral, e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

1. O día 07.02.2018 a vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“Iniciar a tramitación do “ **Proxecto novo acceso ao colexio Párroco D. Camilo en San Andrés de Comesaña**”, documento redactado polo Enxeñeiro civil do Servizo de urbanización e infraestruturas desta Xerencia municipal de urbanismo, con data novembro de 2017, ao abeiro do previsto no artigo único.2 da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, ao apreciarse razóns de urxencia ou de excepcional interese público”

2. O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 08.02.2018 tomou coñecemento da resolución da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do 07.02.2018.

Achegado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o proxecto construtivo e o “informe valorativo municipal da excepcionalidade” do mesmo, e solicitado ante esta o inicio do devandito procedemento para a aprobación do proxecto polo Consello da Xunta de Galicia, polo presidente de esta solicitouse do Consello Consultivo de Galicia informe sobre a posible aplicación á citada solicitude da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

3. A cuestión concreta sobre a que se solicita o informe, conforme expresamente cítase no informe emitido -antecedente 2- é delimitada na petición do mesmo nos termos que seguen:

«(...) se calquera tipo de procedemento promovido ante a Administración pública autonómica en relación a un proxecto público que resulte desconforme co planeamento vixente (cal é o caso dos tres casos presentados polo Concello de Vigo), polo mero feito de selo traduce como tal un interese público que resulta suficiente para xustificar sen mais a aplicación da Lei 3/2016, ou se pola contra, a aplicación da devandita lei esixe un "plus" en canto a apreciación de cales son os intereses públicos afectados que merecen o emprego deste procedemento excepcional, que determine se a natureza do proxecto de que se trate ten a suficiente entidade como para considerar que, unido ao seu carácter de urxencia ou de excepcional Interese público, a súa finalidade sexa de interese público para a Comunidade Autónoma, e polo tanto xustifica o recurso a este específico mecanismo legal».

4. O informe solicitado foi emitido pola Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo de Galicia con data 30 de maio de 2018.

Sen que fose obxecto da consulta formulada o Consultivo cuestiona a lexitimación municipal para promover o procedemento.

5. Na Consideración segunda do dito informe, se di:

«que a norma citada ten que interpretarse seguindo os criterios sentados pola xurisprudencia elaborada polo TS en relación coa interpretación dos preceptos dos que resulta herdeiro, en concreto, o artigo 244 do Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xulio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e a Ordenación Urbana (en adiante TRLRS), e o 180 do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana (en adiante TRLS). No ámbito normativo galego a vía excepcional foi recollida, en idénticos termos, coas especialidades por razón da competencia, nos artigos 169 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia e 198 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia».

**6.** No mesmo considerando precísase que:

«A potestade da comunidade autónoma é excepcional e posúe un alcance subsidiario ante a imposibilidade de axustar o proxecto ás normas urbanísticas, e só cando non resulte posible conformar os actos previstos ao planeamento existente, e o excepcional interese público esixa non só proceder por vía de urxencia -que exime de solicitar previamente a licenza municipal- senón ademais non respectar o planeamento establecido, caberá apartarse deste»

**7.** E igualmente que:

«(...) o deber de motivar o interese xeral do proxecto non versa sobre o proxecto na súa totalidade, senón particularmente sobre as características ou elementos deste non acomodadas ás normas urbanísticas (...)»

**8.** Na súa Consideración Terceira, o informe analiza a lexitimación das Administracións Municipais para promover a aprobación de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese e afirma que os concellos carecen de tal lexitimación, isto é, da posibilidade de promover ante a Xunta de Galicia a aprobación de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

**9.** E isto porque, tal e como se argumenta no informe:

— O artigo único da lei comeza establecendo que os actos que promovan órganos das administracións públicas para a aprobación de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese estarán suxeitos á intervención municipal previa e é obvio—dise no informe— que esta intervención ten sentido cando o promotor do proxecto é unha administración diferente do propio concello que o "intervén". O número 2 do artigo único, segue a referirse a estas -outras- administracións, diferentes do concello que ten que "intervir" os proxectos urxentes ou de excepcional interese público, e é palmario que teñen que ser outras administracións por canto que un concello non pode "intervirse" a si mesmo.

— Porque a exposición de motivos da Lei e o número 4º do seu artigo único esixe a emisión de informe preceptivo e vinculante por parte do concello e admitir a lexitimación activa dun concello levaría ao absurdo de ter que entender que ten que informar dúas veces un mesmo proxecto propio, unha primeira, en fase de aprobación do proxecto para a súa remisión ao



## Concello de Vigo

Consello da Xunta, e unha posterior, en fase de informe preceptivo e vinculante sobre o mesmo proxecto.

— Porque carecería de sentido a previsión do número 4 do artigo único canto estipula que "se o informe do concello é desfavorable, ... a consellería competente ditará resolución de arquivo do procedemento", posto que estaría contemplando un suposto no que un concello podería informar desfavorablemente aquilo que previamente informou favorablemente e aprobou para a súa remisión ao Consello da Xunta. Tamén sería incoherente a previsión do número 9 do artigo único que permite ao concello acordar a suspensión das obras cando se pretendan levar a cabo sen seguir o procedemento nel previsto, ou sen axustarse ao proxecto aprobado, xa que estaríamos perante un caso en que un concello non respecta un proxecto por el aprobado, dirixido e executado e opta por suspender esta execución en vez de axustarse ás previsións proxectadas.

— Porque o número 8 do artigo único prevé, para o caso de que sexan precisas, que o concello procederá á expropiación dos terreos e á transferencia posterior da súa titularidade ao órgano promotor, presupoñendo que en todo caso, o órgano promotor será outro diferente do propio concello.

— Porque, en definitiva, do mesmo xeito que as administracións non poden concederse licenzas a si mesmas, nin sancionarse a si mesmas, carece de sentido que as citadas previsións da lei poidan aplicarse aos concellos.

— Por último e a maior abastanza, porque os plans xerais de ordenación municipal deben formularse polos Concellos (art. 51 da Lei 2/2016, de 2 de febreiro, do solo de Galicia), que son os titulares desta potestade (art. 64 da LSG) polo que cando un proxecto que pretenda executarse non se axuste ao planeamento, o concello pode —e debe— promover a modificación do PXOM, sen que sexa imprescindible para eles empregar as facultades excepcionais previstas na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

**10.** Na consideración cuarta o informe descende á consulta formulada, que enuncia nos termos que seguen:

«se o "interese público que (sic) resulta suficiente para xustificar sen máis a aplicación da Lei 3/2016, ou se pola contra, a aplicación da devandita lei exige un plus en canto a apreciación de cales son os intereses públicos afectados que merecen o emprego deste procedemento excepcional"».

**11.** Á cuestión arriba enunciada da resposta ao informe sinalando que, de acordo coa xurisprudencia do TS, debe resultar clara e inequívoca a imposibilidade de atender as necesidades que se perseguen satisfacer cos proxectos de que se trate con outras solucións alternativas que non supoñan quebranto da legalidade urbanística de aplicación e que, como facultade excepcional que recoñece o artigo axuizado non é irrazoable esperar un maior rigor e intensidade na xustificación do exercicio desta potestade.

**12.** En canto as razóns de urxencia ou excepcional interese público que xustifican o exercicio da potestade de que tratamos, a Consideración Quinta do informe recolle a

doutrina sobre as mesmas, a necesidade dun especial rigor na súa xustificación e sinala que non corresponde ao Consello Consultivo de Galicia, como órgano de asesoramento xurídico que é, realizar xuízos de valor sobre a concorrencia das mesmas.

**13.** Á vista deste informe do Consello Consultivo de Galicia, a secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura. Educación e Ordenación Universitaria, o pasado 23 de agosto, resolveu desestimar a petición do Concello de Vigo de iniciar o procedemento previsto no artigo único da Lei 3/2016, de 1 de marzo 30.05.2018, para a execución do "**Proxecto novo acceso ao colexio Párroco D. Camilo en San Andrés de Comesaña**", por considerar que o Concello de Vigo non ostenta lexitimación para instar a súa tramitación pola dita vía e, por outra banda, porque neste proxecto, non está motivado que a desconformidade co planeamento existente sexa razón suficiente para a súa aplicación, debendo executarse mediante os mecanismos previstos na "Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" — tramitación dunha modificación puntual do Plan Xeral vixente— ou, alternativamente, desenvolver a prevista no mesmo mediante un Plan especial de infraestruturas, conforme no establecido no artigo 28.2 da Lei 2/2016 dos solo de Galicia.

**14.** Tendo en conta o informe emitido polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais do Concello, en relación con idénticas resolucións sobre proxectos municipais que se remitiron para a súa tramitación por esta vía, sobre a pertinencia de interpoñer contra a devandita resolución da secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura. Educación e Ordenación Universitaria recurso contencioso-administrativo, e emítense o seguinte

## **INFORME PROPOSTA**

### **Primeiro.- COMPETENCIA**

A competencia administrativa é o conxunto de funcións que o ordenamento xurídico atribúe a un determinado órgano; e como tal dentro de cada ente, é irrenunciable e debe exercerse precisamente polo órgano que o teña atribuída como propia, salvo nos casos de delegación, substitución ou advocación, previstos na lei. A competencia pode ser definida como "o complexo de funcións atribuído a un órgano administrativo, ou como a medida da potestade atribuída a cada órgano. a competencia é o conxunto de potestades e funcións que, en relación cun ámbito determinado da acción ou organización pública, recoñécense a un órgano ou entidade". A competencia non consiste, así, nos ámbitos concretos en si senón nas funcións e potestades que en relación cos mesmos atribúense a un órgano ou entidade pública. Por tanto, "a competencia é un requisito e un orzamento previo que habilita e lexitima a actuación administrativa".

Como tal é recollida na Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), no artigo 8, nos seguintes termos: "é irrenunciable e será exercida polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación ou advocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou noutras leis."

Nos mesmos termos se recolle na Lei 16/2010 do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público autonómico de Galicia (LOPAXGA), no artigo 5.1.



## Concello de Vigo

Polo tanto, a competencia que se atribúe a un órgano constitúe a súa esfera de responsabilidade, sendo unha atribución normativa debendo exercela de maneira que os actos administrativos soamente poderán ser ditados polo órgano que teña competencia para elo, sendo irrenunciábel con carácter xeral (STS 29/04/2004).

O Concello de Vigo pretende utilizar a vía ofrecida pola Lei 3/2016 do 1 de marzo de Medidas en materia de Proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, coa finalidade de executar un novo acceso ao Colexio público de Educación Infantil Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña, Vigo. Dita lei recolle no apartado 6 do seu artigo único, que "O consello da Xunta, a proposta da consellería competente por razón da materia, aprobará o proxecto se procede, ordenando, nese caso, co inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente, con arranxo á tramitación establecida na Lei do Solo de Galicia (...)."

O devandito procedemento, iníciase perante o proxecto redactado polo Servizo de Urbanización e Infraestruturas da XMU, aprobado mediante acordo polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria do día 08/02/2018; procedemento que debería rematar perante resolución emitida polo órgano competente -é dicir a Xunta de Galicia- tal e como se recolle na Lei 3/2016, artigo único punto 6.

Non obstante, é o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quen, en data 23/08/2018 resolve o expediente, desestimando a petición do Concello de Vigo.

Así, o artigo 29 da LOFAXGA, adicado ás Secretarías Xerais Técnicas, establece que en cada consellería haberá unha secretaria xeral técnica, con relación xerárquica directa coa conselleiro e cuxo titular desempeñará as funcións que expresamente se relacionan, sen que ningunha delas corresponda á resolución de procedementos de competencia expresa do Consello da Xunta de Galicia (artigo único apartado 6 da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese).

Polo tanto, en virtude do disposto na normativa básica de Réxime Xurídico do Sector Público, como na propia Lei 3/2016 do 1 de marzo, a resolución de desestimación non sería axustada a dereito, segundo as causas de anulabilidade recollidas no artigo 48 da LPAC, toda vez que o órgano que resolve -Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- carece de competencia orgánica para ditar a referida resolución.

O artigo 43 da Lei 1/1983, de 22 de de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, permite a delegación de funcións do Consello nas Comisións delegadas, non en ningunha secretaria xeral técnica. A feixes, o artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu apartado 4.a) impide expresamente a posibilidade de delegación de "os asuntos que deban ser sometidos a acordo da Xunta de Galicia", coa única excepción de "as

competencias do Cosello da Xunta cuxo exercicio se atribúa aos seus comisionados delgadas", o que tampouco é o caso.

O art. 8.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece o carácter irrenunciable da competencia administrativa. O ordenamento xurídico delimita atribucións dando a cada órgano da Administración un conxunto de funcións que determinan o seu ámbito de actividade e establecen o seu ámbito de competencia.

A competencia administrativa dun órgano é a súa esfera de responsabilidade e, como tal, ten o deber de exercela, de maneira que os actos administrativos só poden ser ditados polo órgano que teña competencia para iso, sendo irrenunciable por ese órgano que a teña atribuída como propia, salvo en supostos previstos na Lei ( STS do 29 de abril de 2004).

Os actos de trámite caracterízanse porque preparan e fan posible a decisión, dirixíndose ao mellor acerto desta, pero sen resolver, de ningún xeito, sobre as cuestións de fondo expostas no procedemento, o que determina que os aludidos actos de trámite non sexan impugnables separadamente, senón que é ao recorrer a resolución ou acto decisorio do procedemento cando poderán suscitarse as cuestións relativas á legalidade dos devanditos actos de trámite. Neste sentido pronúnciase o noso Tribunal Supremo en Sentenza do 25 de Xuño de 2010 ( casación nº 4513/2009 ), entre innumerables outras, que atribúe esta caracterización de actos de trámite a aqueles que preparan e contribúen á adopción da decisión definitiva. Están concibidos, por tanto, para ordenar o procedemento, propiciando o maior acerto da decisión administrativa, o acto definitivo, que pon fin ao procedemento e resolve as cuestións expostas no mesmo.

En materia de inadmisibilidade, como sinala reiteradamente o noso Tribunal Supremo en doutrina Xurisprudencial inconcusa que arrinca xa desde a Sentenza ditada o 6 de Maio de 1985 , "hai que ter en conta os criterios informantes do sistema - artigo 24 da Constitución e Exposición de Motivos da Lei da Xurisdición - criterios de flexibilidade e apertura para lograr unha completa garantía Xurisdicional por parte de todos os litigantes", de tal maneira que as causas de inadmisibilidade deben interpretarse con carácter restritivo sen que poidan ser aplicados criterios hermenéuticos analóxicos sendo preciso, no caso de que emerxa a máis mínima dúbida sobre a concorrencia ou non das que se aleguen, decantar a solución en favor dun pronunciamento de fondo en aplicación do principio "prol actione" e do Dereito Fundamental que aos cidadáns outorga a nosa Carta Magna a obter unha tutela xudicial efectiva.

Como indicou a STS do 19 de decembro de 2008, os actos de trámite defínense doutrinal e xurisprudencialmente como aqueles que se adoptan dentro dun procedemento para impulsalo ou ordenalo e que fan posible a decisión coa que finaliza o procedemento administrativo. Deste xeito, e salvo que se trate de actos cualificados, os actos de trámite non son susceptibles de impugnación autónoma, tendo en conta que permanecen na esfera interna da Administración ( STS do 16 de decembro de 1996).

Por iso, a xurisprudencia (entre outras STS do 15 de abril de 1983) define a competencia como "o conxunto de funcións cuxa titularidade se atribúe polo ordenamento xurídico a un ente ou a un órgano administrativo". A competencia ten, tamén por iso, carácter irrenunciable. Así o dispón a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público no seu





## Concello de Vigo

artigo 8 e en relación ás competencias atribuídas a un órgano administrativo recalcando que "se exercerá polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia". Se o órgano que aproba unha norma ou acto carece de competencia para iso carrexará a nulidade ou anulabilidade do mesmo con arranxo ao disposto nos artigos 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con arranxo ao artigo 47.1 b), **serán nulos de pleno dereito**, entre outros, "os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia".

Conforme dispón tamén o artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, "a competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é **irrenunciabile**, e será exercida precisamente polos órganos que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación ou advocación, nos termos previstos na lei". Delegación ou advocación que non existe nin pode realizarse, neste caso, conforme a lei.

A manifesta incompetencia do órgano que declara a inadmisión, determina a nulidade de pleno dereito da resolución obxecto de informe, como expresamente determina o artigo 47.1. b) da Lei de Procedemento Administrativo.

### **Segundo.- LEXITIMACIÓN DO CONCELLO**

a) A Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, ten como causa que naqueles Concellos, nos que tras os recentes pronunciamentos xudiciais firmes de declaración de nulidade de planeamentos urbanísticos, cuxa consecuencia é a reviviscencia dos plans de ordenación urbana anteriores no tempo, nos que planificaban un modelo de cidade que non coincide co planeamento en vigor, poidan ter unha resposta rápida de eficaz a aqueles proxectos que non poidan ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, poñendo como obxectivo clave o benestar do conxunto da cidadanía galega e o crecemento social e económico da comunidade.

Xa na parte dispositiva, no artigo 1.1 recolle a dita Lei que "os actos que promovan órganos das administracións Públicas ou de dereito público, estarán suxeitos á intervención municipal previa nos termos previstos na lexislación aplicable". Apréciase que a lei non recolle excepción algunha en canto aos promotores públicos dos proxectos.

Así, o artigo 2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), dispón que o sector público está composto da Administración Xeral do Estado, das Administracións das Comunidades Autónomas, das Entidades que integran a Administración Local, entre outras, sendo polo tanto o Concello de Vigo, un órgano pertencente ao grupo das administracións públicas, posibles promotoras de proxectos a tramitar polo procedemento establecido na lei 3/2016.

A maior abastanza, sobre a lexitimación do Concello como órgano promotor de proxectos, cabe facer énfase nos seguintes aspectos:

Por unha banda, segundo o dispón a Lei 7/1985 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), os concellos ostentan unha potestade xenérica, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover actividades e prestar os servizos

públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo (25.1 LBRL)

Así mesmo, no artigo 25.2 do mesmo texto legal o municipio ostentará as seguintes competencias en materia de urbanismo: “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección e defensa do Patrimonio Histórico; promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira; conservación e rehabilitación da edificación.”

Segundo o anterior, a competencia do concello en materia urbanística, enténdese tanto no senso de ser a quen lle compete a elaboración e aprobación inicial dos plans xerais, como a súa execución, dentro do seu termo municipal.

Precisamente, para o caso concreto que nos ocupa, dispón a lei 3/2016 que será aplicable para aqueles casos nos que deba evitarse unha modificación do planeamento, pola demora que se puidera carrexar a tramitación da dita modificación, priorizando o interese público en xogo.

Seguindo na senda das competencias municipais, o artigo 25, da LBRL, establece as competencias propias dos municipios, entre as que se encontra a reflectida na letra n) “Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”.

O proxecto presentado polo Concello de Vigo, versa sobre a mellora do acceso ao Colexio Público de titularidade municipal, situado na Parroquia de San Andrés de Comesaña, toda vez que o dito acceso realízase por un vial sen urbanizar transversal á estrada Matamá-Pazo, presentando estreitamentos de menos de 4 metros, ao longo de 120 metros, polo que non poden acceder os autobuses, coexistindo tráfico peonil de nenos de 3 a 12 anos, con tráfico de vehículos particulares.

Igualmente, a letra d) do dito artigo 25.2 recolle que é competencia municipal a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, o que entraría dentro do obxecto do proxecto presentado para ser tramitado polo procedemento de urxencia establecido na lei 3/2016.

En tal sentido, tanto o deber de conservación e mantemento dos edificios de titularidade local, así como dos camiños públicos da mesma titularidade, e a seguridade viaria -tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade- son tamén competencias expresamente municipais.

En definitiva, o concello presenta o proxecto de mellora do acceso ao colexio público Párroco Don Camilo, para utilizar a posibilidade establecida pola Lei 3/2016, coa finalidade de conseguir, en aras do interese público motivado na salvagarda da seguridade dos alumnos, na posibilidade do acceso do servizo de autobuses, e como resposta ás reiteradas peticións do propio centro educativo así como dos pais dos alumnos afectados, e todo elo en cumprimento das súas propias competencias.

**b) Autointervención.-** No informe do Consello Consultivo, aludido na resolución da Xunta de Galicia de data 23/08/2018 alégase que a falta de lexitimación dos Concellos é



## Concello de Vigo

unha dedución lóxica do entendemento de que o municipio debería emitir dous informes sobre o mesmo tema.

Non obstante, o feito que unha administración teña que emitir varios informes nun mesmo procedemento non é unha novidade establecida neste procedemento de urxencia e excepcionalidade, se non que se trata dunha práctica habitual, que garante unha aplicación estrita da legalidade, debido á diversidade de materias tanxenciais relacionadas co urbanismo, debendo pasar por varios controis municipais (patrimonio municipal, arqueolóxico, seguridade viaria...), e incluso en outras ocasións extramunicipais, no caso das sectoriais (patrimonio, augas, estradas, enerxía, ferrocarrís...) que tamén poderán recaer sobre a mesma administración, sen que tal circunstancia a invalide como lexitimada para intervir no procedemento.

**c)** O Consello Consultivo de Galicia que, no seu informe de 30 de maio de 2018, nega aos concellos e ao concello no que se pretende executar o proxecto tal lexitimación, pois, a pesar de facer referencia o Consello Consultivo de Galicia, no seu informe, aos preceptos do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana; do Real decreto legislativo 1/1992, de 26 de xulio, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e a ordenación urbana; do da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia; e do da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dos que é herdeiro, o Consello consultivo de Galicia non analiza estes artigos desde a perspectiva da cuestión de cales son os suxeitos lexitimados para promover o exercicio desta facultade excepcional, facendo descansar a negación da lexitimación municipal para promover a aprobación de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese ao abeiro da Lei 3/2016 en argumentes carentes de consistencia.

Pois ben, á hora de dilucidar se as Administracións municipais están lexitimadas ou non para promover a aprobación de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese ao abeiro da Lei 3/2016, de 1 de marzo, consideramos necesario, en primeiro lugar, examinar os antecedentes históricos e legislativos do precepto e, daquela, examinar a evolución do precepto que nos ocupa a partires do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, que é a norma que incorpora por primeira vez esta posibilidade.

Así, o artigo 180 do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, dispón que:

«Uno. Los actos relacionados en el artículo ciento setenta y ocho que se promuevan por Órganos del Estado o Entidades de derecho público que administren bienes estatales estarán igualmente sujetos a licencia municipal.

Dos. Cuando razones de urgencia o excepcional interés público lo exijan, el Ministro competente por razón de la materia podrá acordar la remisión al Ayuntamiento correspondiente del proyecto de que se trate, para que en el plazo de un mes notifique la conformidad o disconformidad del mismo con el planeamiento urbanístico en vigor.

En caso de disconformidad, el expediente se remitirá por el Departamento interesado al Ministro de la Vivienda, quien lo elevará al Consejo de Ministros, previo informe de la Comisión Central de Urbanismo. El Consejo de Ministros decidirá si procede ejecutar el proyecto, y en este caso ordenará la iniciación del procedimiento de modificación o revisión del planeamiento, conforme a la tramitación establecida en esta Ley.

Tres. El Ayuntamiento podrá, en todo caso, acordar la suspensión de las obras a que se refiere el número uno de este artículo cuando se pretendiese llevar a cabo en ausencia o en contradicción con la notificación de conformidad con el planeamiento que se establece en el número anterior, comunicando dicha suspensión al Órgano redactor del proyecto y al Ministro de la Vivienda, a los efectos prevenidos en el mismo.

Se exceptúan de esta facultad las obras que afecten directamente a la defensa nacional, para cuya suspensión deberá mediar acuerdo del Consejo de Ministros previa propuesta del Ministro de la Vivienda a solicitud del Ayuntamiento competente e informe del Ministerio militar afectado o Alto Estado Mayor, caso de afectar a más de un Ministerio militar».

Este último precepto, no que aquí importa, non introduce outra modificación respecto do anterior que é a de ampliar ás Comunidades Autónomas a facultade de aprobar e dispoñer, en casos de urxencia ou excepcional interese público, a execución de proxectos desconformes co planeamento de aplicación, nos que concorran as ditas circunstancias, e a de aclarar que a facultade municipal de suspender as obras de execución de tales proxectos procede nos casos en que estas se inicien antes da decisión do Consello de Ministros de executar a obra; precisión esta que non figuraba no artigo 180 do RD 1346/1976, de 9 de abril.

A sentenza 61/1997, de 20 de marzo de 1997, do Tribunal Constitucional, en aplicación da doutrina da STC 118/1996, sobre a supletoriedade, declarou nulos os apartados 1 e 5 do artigo 244 do Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xullo, aos que a dita norma atribuíra carácter supletorio, nos que se atribuíra ás comunidades autónomas a facultade dispoñer, por razóns de urxencia ou excepcional interese público, a execución de proxectos contrarios ao planeamento de aplicación e ordenar o inicio do procedemento de modificación ou revisión de planeamento, para contemplar neste o proxecto a executar.

Porén, a Lei 1/1997, do 24 de marzo de 1997, do solo de Galicia, aprobada catro días despois da referida sentenza do Tribunal Constitucional, xa incorporaba no seu articulado esta posibilidade para a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo artigo 169 dispoñía, no que agora interesa, que:

- «2. Cando razóns de urxencia ou excepcional interese público o esixan, o conselleiro competente por razón da materia poderá acordar a remisión ao Concello correspondente do proxecto de que se trate, para que no prazo dun mes notifique a conformidade ou desconformidade do mesmo co planeamento urbanístico en vigor.



## Concello de Vigo

En caso de desconformidade, o expediente será remitido pola Consellería interesada ao conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, quen o elevará ao Consello da Xunta, previo informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. O Consello da Xunta decidirá se procede executar o proxecto e, no seu caso, ordenará a iniciación do procedemento de modificación ou revisión do planeamento, conforme á tramitación establecida na presente Lei.

3. O Concello poderá, en todo caso, acordar a suspensión das obras a que se refire o número 1 deste artigo cando se pretendesen levar a cabo en ausencia ou contradición coa notificación de conformidade co planeamento e antes da decisión de executar a obra adoptada polo Consello da Xunta, e comunicará dita suspensión ao órgano redactor do proxecto e ao conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aos efectos previstos no mesmo.
4. O mesmo réxime será de aplicación á Administración do Estado, con intervención dos seus correspondentes órganos competentes».

O precepto atribuíra tamén a utilización desta posibilidade á Administración do Estado, aínda que este estaba xa habilitado para tal exercicio en virtude do artigo 244, apartados 2, 3 e 4 do Real decreto legislativo 1/1992, de 26 de xullo; artigo que o TC declarou conforme á Constitución e cuxa vixencia respecto a disposición derogatoria única da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, que derogou o Real decreto legislativo 1/1992, de 26 de xullo, deixando subsistentes determinados artigos entre os que figuran os apartados citados do artigo 244 do texto derogado.

Este precepto pasou, sen outra modificación que a de substituír a expresión “conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda” por “conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio”, á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Pola súa parte, o Estado reservouse a mesma facultade nas sucesivas leis estatais reguladoras das condicións básicas garantes da igualdade no exercicio dos dereitos e deberes constitucionais relacionados co solo en todo o territorio estatal: o Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Solo e o Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o vixente texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, que nas súas disposicións adicionais décimas atribúen á Administración Xeral do Estado e aos seus organismos públicos a facultade que nos ocupa en términos practicamente idénticos aos do artigo 244 do Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xullo, sen outra modificación que a de esixir informe do órgano competente da comunidade autónoma, que se deberá emitir en el prazo de un mes, no expediente que, en caso de desconformidade do proxecto coa ordenación urbanística de aplicación, se remita ao Consello de Ministros para decidir se procede executar o proxecto, e ordenar a iniciación do procedemento de alteración da ordenación urbanística que proceda.

Así as cousas, o Estado, en virtude da norma contida na disposición adicional décima do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, conta con habilitación normativa para dispoñer a inmediata execución de proxectos desconformes coa ordenación urbanística de aplicación, cando concorran razóns de urxencia ou excepcional interese público, sen esperar a alteración do planeamento desconforme e para ordenar a iniciación do procedemento de alteración deste para adecualo ao proxecto a executar.

E con igual facultade, e en termos practicamente idénticos aos do Estado, contaba a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ata a entrada en vigor da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que tivo lugar o 19 de marzo de 2016.

Baixo as normas arriba referidas era recorrente na doutrina urbanística, ao examinar estes preceptos, a cuestión de porqué o Estado e a Comunidade Autónoma poden dispoñer a execución inmediata de proxectos desconformes co planeamento de aplicación, nos que concorran razóns de urxencia ou excepcional interese público, cuxa satisfacción lles corresponde, así como ordenar a iniciación do procedemento para a alteración do planeamento desconforme e os concellos non podían promover, nas mesmas circunstancias de urxencia ou excepcional interese público municipal e coa autorización da Comunidade Autónoma a execución inmediata do proxecto e iniciar o pertinente procedemento de alteración do planeamento desconforme.

Porque —advírtase— a facultade que nos ocupa consiste fundamentalmente, en presenza das razóns que a xustifican, na facultade do Estado e da Comunidade Autónoma de dispoñer a execución inmediata do proxecto desconforme e so, en segundo termo, e como corolario, na facultade de ordenar a iniciación do procedemento de alteración do planeamento desconforme para adecualo ao proxecto a executar.

Pois ben, a esta cuestión da adecuada resposta o artigo único da lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, segundo imos ver de seguido.

Dicíamos máis arriba que a Comunidade Autónoma de Galicia contaba coa facultade de que tratamos en termos practicamente idénticos aos do Estado, ata a entrada en vigor da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que tivo lugar o 19 de marzo de 2016 porque no artigo 147 da vixente Lei, sobre «Actos promovidos polas administracións públicas» desaparece a previsión da facultade que nos ocupa, que no anterior artigo 198 —Actos promovidos polas administracións públicas— da Lei 9/2002, se contiña nos seus parágrafos 2, 3 e 4.

Tal omisión lonxe de ter a súa orixe nun descoido do lexislador autonómico obedece ao propósito deste de facer obxecto a facultade de que tratamos dunha regulación específica, separada e máis acabada; regulación específica que é obxecto da Lei 3/2016, que empezou a rexer ao día seguinte da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e que —tal e como se recolle na exposición de motivos da Lei— parte do recoñecemento da existencia de proxectos de especial urxencia ou excepcional interese público que deben ser impulsados e da necesidade de garantir a seguridade xurídica de todos os operadores do sector mediante un procedemento áxil e eficaz que faga posible conciliar todos os intereses implicados; procedemento que detalle os pasos a seguir nestes casos e incorpore, ademais, o inicio do



## Concello de Vigo

procedemento de modificación da ordenación urbanística correspondente de xeito simultáneo á aprobación do proxecto declarado urxente ou de excepcional interese público polo Consello da Xunta.

Merece suliñar aquí a referencia que a exposición de motivos da Lei 3/2016, do 1 de marzo, fai —en xustificación da regulación que incorpora— aos mais recentes pronunciamentos xudiciais firmes de declaración de nulidade de planeamentos urbanísticos, como é o de Vigo, aprobado definitivamente por sendas ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de 16 de maio de 2008 e 13 de xullo de 2009 e declarado nulo por sentenza do Tribunal Supremo, de 10 de novembro de 2015, ditada no recurso de casación núm. 1658/2015.

A exposición de motivos salienta que a oportunidade da regulación que a Lei 3/2016 incorpora «révelase se cabe de xeito máis evidente tras os máis recentes pronunciamentos xudiciais firmes de declaración de nulidade de planeamentos urbanísticos. Tales pronunciamentos, e a consecuente reviviscencia dos plans de ordenación urbana inmediatamente anteriores no tempo, traen consigo a existencia dun modelo de cidade non coincidente en numerosos casos co planeamento en vigor, amosando a necesidade de dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, polas consecuencias que tal paralización implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade».

Deste xeito, a norma que axuizamos obedece, tamén, e modúlase en atención ao propósito de dar resposta rápida e eficaz a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, cando o proxecto en cuestión figura previsto nun planeamento urbanístico anulado e non no planeamento que revive.

E así, e dando tamén resposta a cuestión doutrinal arriba xa puntada, a Lei 3/2016, do 1 de marzo, superando o cinguimento da utilización da facultade que nos ocupa á Comunidade Autónoma de Galicia e á Administración do Estado, no apartado 2 do seu artigo único, establece que:

«2. Malia o establecido no punto anterior, os proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable poderán executarse se se aprecian razóns de urxencia ou excepcional interese público de acordo co previsto neste artigo. Sen prexuízo do disposto na lexislación estatal aplicable en canto aos actos promovidos pola Administración xeral do Estado e das súas entidades de dereito público, a Administración da Comunidade Autónoma será competente para apreciar as razóns expresadas respecto dos proxectos promovidos por calquera dos suxeitos indicados, cando as súas finalidades se consideren de interese público para a Comunidade Autónoma por estaren vinculadas a materias da súa competencia.

3. Para os efectos do indicado no punto anterior, o órgano promotor dará traslado do proxecto á consellería competente por razón da materia (...)».

Así, mentres o artigo 198.2 da Lei 9/2002 se refería a actos promovidos pola comunidade Autónoma de Galicia, sobre cuxa conformidade ao planeamento a Xunta de Galicia solicitaba informe do Concello concernido e no caso de desconformidade remitía o proxecto ao conselleiro competente para seguir o procedemento arriba visto, a Lei 3/2016 se refire a proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable, isto é, se refire a proxectos promovidos por calquera administración pública, distinta da do Estado, respecto dos cales, coñecida xa a súa desconformidade co planeamento, solicítase da Xunta de Galicia, pola urxencia ou excepcional interese público do proxecto, a aprobación da súa execución, que habilitara ao órgano da Administración Pública promovente para o inicio das obras correspondentes, e disporá a iniciación do procedemento de alteración do planeamento correspondente.

A interpretación de cales sexan estes órganos das administracións públicas que poden promover a aprobación dos proxectos que nos ocupan pasa necesariamente por acudir ao artigo 2.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, de acordo co cal: «3. Tienen la consideración de Administraciones Públicas la Administración General del Estado, las Administraciones de las Comunidades Autónomas, las Entidades que integran la Administración Local, así como los organismos públicos y entidades de derecho público previstos en la letra a) del apartado 2», isto é « Cualesquiera organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de las Administraciones Públicas».

A interpretación literal do precepto axuizado, a que remite o Código civil no seu artigo 3, conduce necesariamente a interpretar que as Administracións públicas ás que se refire o artigo único da Lei 3/2016, son todas as sinalas no precepto que vimos de transcribir — excepción feita da do Estado como de seguido veremos— e, daquela —e sobre todo— os concellos, pois non cabe esquecer que, precisamente, unha das finalidades da Lei 3/2016 é, tal como salienta a súa exposición de motivos, «a necesidade de dar unha resposta eficaz», nos supostos de declaración xudicial de nulidade do planeamento, «a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, polas consecuencias que tal paralización implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade»; sendo os concellos os principais actores concernidos nestes supostos .

Excluíamos máis arriba das administracións públicas as que a Lei 3/2015 lexítima para promover a aprobación dos proxectos que nos ocupan á Administración do Estado, porque a habilitación do Estado para tal fin resulta da disposición adicional décima do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro e porque na propia Lei 3/2016 se precisa, dunha parte, que a habilitación que esta norma incorpora o é «Sen prexuízo do disposto na lexislación estatal aplicable en canto aos actos promovidos pola Administración xeral do Estado e das súas entidades de dereito público» e, doutra, porque o apartado 10 do mesmo artigo único sinala que «O procedemento previsto neste artigo tamén poderá ser aplicable para os casos nos que, de acordo coa lexislación estatal, fora declarada polos órganos competentes da Administración xeral do Estado a urxencia ou o excepcional interese público dos actos promovidos por órganos ou entidades dependentes dela, en canto ás obras ou actuacións que, de ser o caso, e de acordo co que se conveña cos órganos ou entidades promoventes, sexan da competencia autonómica e necesarias para completar a plena funcionalidade das actuacións previstas polo Estado», isto é o dito parágrafo sinala a aplicación do





## Concello de Vigo

procedemento da lei 3/2016 as obras desconformes co planeamento, de competencia da comunidade autónoma e complementarias das declaradas urxentes ou de excepcional interese público polo Estado, non aos proxectos do Estado nos que concorran as ditas circunstancias.

Daquela, están lexitimados para promover ante a Xunta de Galicia o procedemento para a aprobación de proxectos nos que concorran razóns de urxencias ou especial interese tanto a propia Xunta de Galicia e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes desta como as entidades que integran a Administración local e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes daquelas, sen que impidan tal afirmación os argumentos que se aducen no informe do Consello Consultivo de Galicia de 30 de maio de 2018, porque:

— En primeiro lugar debe recordarse que o artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, como lei que é, é unha norma de carácter xeral cuxo ámbito subxectivo abarca non so a administración da Comunidade Autónoma de Galicia senón tamén ás entidades que integran a Administración Local de Galicia, ás que se refiren os artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, isto é «A Comunidade Autónoma de Galicia se organiza en municipios e provincias, que ostentan a condición de Entidades Locais territoriais, ás que se lles garante a autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses» (Artido 1.1 LALG); «Gozan da condición de Entidades Locais non territoriais as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as Entidades Locais menores» (artigo 2 LALG).

E como norma dirixida a unha pluralidade de destinatarios con moi distintas competencias, a Lei 3/2016, limítase, como sinala a súa exposición de motivos, a incorporar «os pasos que hai que seguir nestes casos, ordenando ademais o inicio do procedemento de modificación da ordenación urbanística», sen necesidade de entrar na inclusión ou na exclusión de determinados pasos ou trámites para determinadas administracións públicas, sinaladamente os concellos, pola súa obviedade, ao resultar estes da interpretación sistemática do precepto.

— Porque se ben é certo que o apartado primeiro da Lei 3/2016 refírese a administración públicas distintas do concello en cuxo termo municipal se pretenda executar o acto suxeito a intervención municipal previa, iso non exclúe que quen promova o acto necesitado de intervención previa sexa outra entidade da administración local e incluso outro concello, que, en virtude de título habilitante suficiente pretenda executar no termo municipal doutro concello un acto suxeito a tal intervención previa (verbi gratia, a execución de acueduto para abastecemento do municipio sobre o termo municipal limítrofe).

— Porque non é certo que os concellos non se interveñan a si mesmos: os concellos como calquera persoa física ou xurídica, sexa pública ou privada, teñen que actuar con pleno sometemento a Lei e ao Dereito, polo que a intervención da legalidade da actuación dos concellos é constante e, no que aquí interesa e no que á intervención da legalidade dos proxectos se refire, tal intervención se produce no momento da aprobación ou rexeitamento do proxecto. Así o dispón o artigo 147.2 da vixente Lei do solo de Galicia: «As obras publicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto,

previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor».

— Adúcese no informe do Consello Consultivo que a exposición de motivos da Lei e o número 4º do seu artigo único esixe a emisión de informe preceptivo e vinculante por parte do concello e admitir a lexitimación activa do concello en cuxo termo municipal se pretende executar o proxecto levaría ao absurdo de ter que entender que o concello ten que informar dúas veces un mesmo proxecto propio, unha primeira, en fase de aprobación do proxecto para a súa remisión ao Consello da Xunta, e unha posterior, en fase de informe preceptivo e vinculante sobre o mesmo proxecto.

En modo algún cabe admitir tal argumento: os concellos poden promover a aprobación dun proxecto, non obstante a súa contradición co planeamento de aplicación, sobre a base da inicial consideración da concorrencia nel de razóns de urxencia ou excepcional interese, pero tal inicial consideración esta necesitada, por imperativo da Lei 3/2016, dun trámite de información pública, tras o cal e á vista do seu resultado o concello deberá emitir informe sobre a ponderación dos intereses locais afectados e neste momento e tras o tramite de información pública pode desistir da súa execución. Soster que é absurdo este segundo informe é tanto como soste a predeterminación da decisión de emitir informe favorable non obstante o resultado do trámite da información pública; predeterminación da decisión absolutamente proscriba pola xurisprudencia do Tribunal Supremo con ocasión do axuizamento do alcance das obrigas derivadas dos convenios urbanísticos de planeamento en relación co resultado da información pública a que necesariamente deben someterse estes.

En definitiva sexa a Comunidade Autónoma ou unha entidade dela dependente, sexa unha administración provincial, unha administración municipal, unha mancomunidade, unha entidade local menor, ou un consorcio local ou calquera outra entidade de dereito público a que promova a aprobación dun proxecto dos que tratamos, é necesario un tramite de información pública durante un prazo de 20 días e, tras este trámite, un informe do concello concernido, aínda que sexa este mesmo concello o que teña promovido a aprobación do proxecto, pois noutro caso incorreríase en violación da prohibición de predeterminación da decisión tras o necesario trámite de información pública.

— Adúcese tamén no informe do Consello Consultivo que o número 8 do artigo único prevé, para o caso de que sexan precisas, que o concello procederá á expropiación dos terreos e á transferencia posterior da súa titularidade ao órgano promotor, presupoñendo que en todo caso, o órgano promotor será outro diferente do propio concello.

O argumento carece de consistencia. O que o precepto presupón é que outras administracións públicas ou entidades de dereito público, distintas do concello en cuxo termo municipal se pretende executar o proxecto, poden promover o procedemento que nos ocupa e solo nestes casos será de aplicación a transferencia a que se refire o precepto. Se quen promove a aprobación do proxecto é o propio concello en cuxo termo se pretende executar o proxecto, actuará este como expropiante e como beneficiario da expropiación.

— Arguméntase igualmente no informe do Consello Consultivo de Galicia que do mesmo xeito que as administracións non poden concederse licenzas a si mesmas, nin sancionarse



## Concello de Vigo

a si mesmas, carece de sentido que as citadas previsións da lei poidan aplicarse aos concellos.

Tampouco este argumento resulta consistente: as licencias, sen entrar noutras consideracións, son actos administrativos de autorización e, tal e como vai arriba dito, o acordo de aprobación das obras públicas municipais equivale á licenza para a súa execución que se outorga aos administrados.

Polo demais, tal argumento non se compadece coa finalidade salientada na exposición de motivos da Lei 3/2016, de dar resposta rápida e eficaz, no caso de declaración de nulidade do planeamento, a aqueles proxectos que non poden ser paralizados no tempo ata a aprobación dun novo plan, polas consecuencias que tal paralización implicaría no benestar do conxunto da cidadanía galega e no crecemento social e económico da nosa Comunidade, sendo así que os principais actores concernidos por tal suposto son precisamente os concellos cuxo planeamento foi declarado nulo.

— Alégase, por último e a maior abastanza, que os plans xerais de ordenación municipal deben formularse polos Concellos que son os titulares desta potestade, polo que cando un proxecto que pretenda executarse non se axuste ao planeamento, o concello pode —e debe— promover a modificación do PXOM, sen que sexa imprescindible para eles empregar as facultades excepcionais previstas na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Tal argumento esquece que a potestade que nos ocupa consiste principalmente, na facultade das Administracións públicas de dispoñer en presenza das razóns que a xustifican, a execución inmediata do proxecto desconforme e so, en segundo termo, e como corolario, na facultade de ordenar a iniciación do procedemento de alteración do planeamento desconforme. Se así non fora tanto o artigo 180 do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, como os preceptos das normas posteriores arriba examinadas se terían limitado a atribuír a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma de Galicia a simple facultade de ordenar a alteración do planeamento para permitir a obra, pero non a de dispoñer a execución inmediata do proxecto.

### **Terceiro.- MOTIVACIÓN DA URXENCIA E O EXCEPCIONAL INTERESE DO PROXECTO**

En canto a motivación da urxencia e o excepcional interese do proxecto que a secretaria xeral nega na súa resolución, cómpre informar que o Consello Consultivo de Galicia, no seu repetido informe, limítase a expoñer os criterios que procede tomar en consideración para apreciar a concorrencia das razóns que xustifican a utilización desta potestade, sen pronunciarse sobre se os mesmos concorren ou non no proxecto presentado, tanto por que non lle corresponde emitir tal xuízo, ao ser o Consello Consultivo un órgano de asesoramento xurídico, como porque non constan no expediente sometido a informe os proxectos a executar nin as memorias e os informes xustificativos dos mesmos.

É o caso que a resolución da secretaria xeral técnica do 23 de agosto de 2018 se limita a afirmación apodíctica de que «non está motivado que a desconformidade co planeamento

existente sexa razón suficiente para a súa aplicación» (da Lei 3/2016, de 1 de marzo), sen xustificación algunha de porqué o proxecto non cumpre co canon de excepcionalidade do proxecto, sendo así que no informe valorativo municipal da excepcionalidade da execución do proxecto consta unha ampla e suficientemente xustificación da mesma. A falta tal xustificación ocasiona a indefensión do Concello de Vigo neste punto e a anulabilidade da resolución.

Pero ademais, sorprende que a autoridade autonómica en materia educativa, remita a unha competencia municipal, neste caso, para eludir a habilitación da norma na que o Concello pretende ampararse para a adecuación das infraestruturas á mellor prestación dun servizo educativo, competencia exclusiva da Xunta.

O artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece a competencia da Xunta en “ a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, desenvólvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.”

Pola contra, os Concellos galegos carecen de competencia en materia educativa distinta da que se regula no artigo 25.2. n) da LRBRL e que non é outra que a de “participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”.

É curioso e contrario a dereito de forma manifesta, que a administración autonómica denegue, por non considerala excepcional nin urgente, unha mellora notable do acceso a un colexio público en garantía da seguridade viaria dos alumnos e persoal docente que veñen prestando e recibindo un servizo público educativo necesario e obrigatorio, sen as debidas e esixibles condicións de seguridade e que se vai a realizar á conta do erario municipal integramente, coa exclusiva finalidade da seguridade na prestación dun servizo público educativo competencia exclusiva da Xunta, e que esta non se considere urgente. Todo iso a pesar de afectar á mellor prestación dun servizo público que atende directamente ao dereito fundamental á educación referido no artigo 27 da Constitución.

E é contrario tamén ao principio de equidade, na medida en que por vía interpretativa, predeterminada e con absoluta falta de rigor xurídico, aproveitando a vía indirecta e innecesaria do Consello Consultivo por vía de informe, se “deslexitima” á administración local de competencia para a utilización dunha vía legal que a súa regulación non exclúe, en moi manifesta contradición dos principios interpretativos regulados no artigo 3 do Título Preliminar do Código Civil e do principio de equidade ao utilizarse o procedemento en municipios lindeiros para usos educativos, aínda a pesar de ter o municipio os mesmos instrumentos legais –plan de infraestruturas ou modificación do plan xeral- que tan inxustamente sinálanse para este suposto tan indebidamente inadmitido.



## Concello de Vigo

Sen que a administración autonómica considere un agravio comparativo que se inutilice esta vía legal para os proxectos municipais, permítase para toda sorte de entes consorciais que non atenden a un dereito fundamental como o da educación, sen causa legal que o ampare máis aló da discriminación inxustificada.

As vías alternativas que na Resolución sinálanse, o eran tamén aplicables nos supostos nos que se aprobou esta vía legal e utilizouse esta. Con todo, o artigo 2 da Lei 3/2016, do 1 de marzo, establece que “a Administración da Comunidade Autónoma será competente para apreciar as razóns expresadas respecto dos proxectos promovidos por calquera dos suxeitos indicados, cando as súas finalidades estímanse de interese público para a Comunidade Autónoma por estar vinculadas a materias da súa competencia”. Dos suxeitos indicados –órganos das administracións públicas ou de dereito público- legalmente non resultan excluídos os Concellos (artigo 140 da CE) e menos poden excluírse cando pretenden asistir en materias como a prestación do servizo educativo obrigatorio e competencia da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto considérase que tanto a resolución da SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA, de data 23 de agosto de 2018 como o informe do Consello Consultivo de Galicia, de 30 de maio de 2018, que lle serve de fundamento, non se axustan a dereito, polo que se propón a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA, de data 23 de agosto de 2018, ditada con fundamento no informe do Consello Consultivo de Galicia, de 30 de maio de 2018, CCG 142/2018, pola que se desestima a petición do Concello de Vigo de inicio do procedemento previsto no artigo único da lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese para a execución do ACCESO AO COLEXIO PÚBLICO “PARROCO DON CAMILO” EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.

Con data 04/10/18, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, adopta o seguinte acordo: “elevar á Xunta de Goberno Local a dita proposta para a súa resolución”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1250).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo nunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez